

O Comité de expertos sobre linguas rexionais e minoritarias do Consello de Europa non escoitou aos Equipos de normalización dos centros de ensino que son os que teñen a información de primeira man sobre a grave situación do galego no ámbito educativo

*Desde a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) facemos constar a nosa protesta porque desde o Comité de expertos sobre linguas rexionais e minoritarias do Consello de Europa non se reciben as organizacións non gobernamentais do ámbito educativo. A CGENDL ten un **coñecemento profundo da situación da nosa lingua no ensino, pois é onde os seus membros desenvolven o seu traballo diariamente.***

Ignoramos as razóns, pero resúltanos moi estraño que fomos convidados hai tres anos a Madrid e que se nos deixase fóra neste encontro cando a xuntanza acontece en Santiago e o representante do Estado é galego.

O Decreto 79/2010 non garante a competencia en lingua galega do alumnado ao rematar o ensino obrigatorio, exclúe o galego das áreas científico-técnicas e relégao a unha presenza marxinal na etapa infantil, nomeadamente en ámbitos urbanos.

Na visita a Madrid que o Consello de Expertos realizou en xullo de 2011 para avaliar o grao de cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias no Estado Español, a CGENDL puido participar na reunión e expuxo a súa visión da situación, na que anticipaban moitas das consecuencias que na actualidade se están a *padecer* e que nesta ocasión a CGENDL pretendía presentarles en detalle. Por este motivo, queremos facer pública a nosa protesta, xa que, ao excluíren os profesionais que estamos traballando ao pé de obra no ámbito destinado a garantir a competencia na nosa lingua, estáselle trasladando ao Comité unha visión parcial e irreal do deterioro do galego no ensino.

Como non puidemos estar de modo presencial nesta reunión, trataremos de facerlles chegar aos membros deste Comité un breve resumo da análise sobre a situación do galego no ensino, que se centra sobre todo no desenvolvemento do Decreto 79/2010 (ver informe anexo).

Da análise realizada podemos concluír que, despois de catro anos de aplicación do Decreto 79/2010, non se garante a competencia en lingua galega do alumnado ao rematar o ensino obrigatorio. A situación é tan grave que estamos moi lonxe de que, tal e como procura a lexislación educativa, a competencia do alumnado sexa similar á que ten en castelán. Alén diso, *a implantación* de Centros Plurilingües derivou na exclusión e marxinação da nosa lingua como lingua vehicular, sen que tampouco se avanzase no coñecemento das linguas estranxeiras, nin se apostase por un plurilingüismo inclusivo.

Ao mesmo tempo que isto acontecía, non se adoptaron medidas para frear a desgaleguización maioritaria e acelerada no ensino, en ningún dos niveis educativos, pero si que aumentou o desprestixio cara á nosa lingua, ao estar excluída para o ensino de determinadas materias das áreas científico-técnicas e moi minoritaria no ensino infantil, especialmente nas áreas urbanas, e na Formación Profesional. Por todo iso, o galego, lingua propia de Galicia e necesitada de protección, queda nunha situación de marxinação no ensino.

Desde a CGENDL levamos máis de catro anos *a pular* pola elaboración dun decreto de promoción real do idioma galego para *ter unhas mínimas garantías* de que o alumnado remate os seus estudos con plena competencia en ambas linguas oficiais. Ademais, esiximos da administración que prestixie a nosa lingua como paso previo para calquera medida de promoción.

SÍNTESE DA ANÁLISE DA APLICACIÓN DO DECRETO 79/2010

Educación Infantil

A exclusión do galego da educación infantil, enmascarada nunha suposta elección das familias sobre a lingua dos seus fillos e fillas, non se freou coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se declaraba nula a devandita consulta. Unha nota ambigua mandada a finais do curso 2012-2013 sobre o procedemento a seguir coas novas matrículas de infantil, na que se seguía falando de facer enquisas con valor “interno”, transmitiulle aos equipos directivos dos centros, ao profesorado e ás familias a idea de que todo seguía como estaba. Séguese a preguntar pola lingua das nais e pais, que nas zonas urbanas e maioritariamente o castelán, e esta segue a ser a lingua única das aulas. Entre a desinformación e os recortes, nin o profesorado motivado pode atender o alumnado galegofalante. En grupos de 25 prodúcese rapidamente a asimilación lingüística de calquera que teña como lingua materna o galego. E desde a administración non se estableceu ningunha medida para que o alumnado castelánfalante adquiera uns mínimos coñecementos da lingua propia de Galicia.

Educación Primaria

- Despois de catro cursos de aplicación do Decreto do Plurilingüismo, onde se establecían dous obxectivos “o de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s)”, podemos observar que nin un nin o outro se cumpriron.
- Non houbo igualdade nas dúas linguas oficiais, xa que neste mesmo decreto se obrigaba en Educación primaria a impartir en castelán a materia de Matemáticas (que ata ese momento se impartía en galego). No caso dos centros plurilingües, aínda se ve máis patente esa desigualdade, por teren unha das materias curriculares en inglés.
- Tampouco o alumnado de Educación primaria ten ese “coñecemento efectivo en lingua estranxeira” que se establece; esta implántase a unha idade demasiado temperá nos centros plurilingües e cunha metodoloxía errónea, xa que os contidos non son asimilados nas linguas ambientais do alumnado e, polo tanto, non son aprendidos.
- Tamén incumpriu a consellería o artigo 11º do decreto sobre a potenciación da lingua galega nos centros, xa que moitos deles desatenderon o Proxecto Lingüístico do Centro e carecen de “programa regular de actividades de fomento da lingua” ao que se refire o decreto.

- Nesta etapa educativa tampouco houbo a “avaliación do nivel de competencia nas dúas linguas oficiais”, tal como o regula unha das disposicións adicionais.
- Son, polo tanto, medidas e obxectivos incumpridos despois de catro cursos, que ben merecerían unha profunda reflexión por parte dos representantes da política educativa coa finalidade de fomentaren o respecto por todas as linguas e valoraren a lingua propia.
- Este modelo non serve: non se aprende máis inglés, descende o nivel académico e redúcese a presenza do galego na escola.

Educación Secundaria

- A obrigatoriedade de impartir materias en castelán nas áreas científicas está a incidir nun prexuízo secular: o galego non resulta válido para o ámbito científico e tecnolóxico, é dicir para as cousas importantes da vida e para o futuro.
- A implantación de seccións bilingües e de centros plurilingües en inglés non supuxo ningunha mellora cualitativa da aprendizaxe deste idioma, xa que a maioría desas clases se imparten en castelán ou, de facelo en inglés, supoñen unha rebaixa enorme dos contidos mínimos da materia, o que redunda nunha peor formación do alumnado. O que si supuxo foi a redución drástica do ensino en galego, sobre todo nos centros que optaron por impartir en lingua estranxeiras as Ciencias Sociais e as Ciencias Naturais.
- O feito de que non se nomeen as materias (agás Lingua Galega e Literatura e Ciencias Sociais) que se deben impartir en galego, tradúcese na práctica nun incumprimento do recollido na norma, xa que desde inspección educativa non se fai absolutamente ningún seguimento ao respecto para comprobar que se imparte o 50% das materias.
- O feito de que só se designen dúas materias como obrigatorias para impartir en galego tradúcese na práctica nun incumprimento do recollido na norma ao respecto de que o 50% (ou o 30% no caso dos centros plurilingües) se impartan en galego, aspecto que se tería detectado desde a inspección educativa se fixesen algún seguimento da cuestión, que vaia máis alá de ler a redacción dos PLC, no caso de que se molestén en pedilos.

Formación Profesional

- A Consellería nunca realizou un reparto de linguas por módulos na FP para que houbese, tal e como indica o Decreto de 2010, un mínimo garantido dun 50% de ensino en galego. Como non existen materiais, nin formación do profesorado, o ensino impártese basicamente en castelán na inmensa maioría das especialidades
- Na **FP a distancia** só existen materiais escritos **unicamente en castelán** e con contidos que non se corresponden nin coa realidade galega nin coa lexislación galega.
- Estase a implantar nalgúns centros a **FP Básica** e ademais de non se atender o fomento do galego, tampouco contempla a promoción do portugués.